



Varios da mesa sectorial do 10 de setembro

Negociación do Decreto galego de FP

Prosegue o malestar do profesorado de FP nos centros con como se fixo a reforma de FP e coas decisións tomadas unilateralmente pola Consellaría. Ademais de todo o tema do inglés, a aposta pola FP dual intensiva en etapas nas que non ten ningún sentido como a básica... o persoal docente desta etapa estase atopando agora ao abrir a aplicación das programacións que foi reaxustado o horario das Unidades Formativas sen ningún criterio lóxico. Por que non se lle pediu aos grupos de traballo que fixeran ese reaxuste? Nalgúns casos as programacións son imposíbeis de aplicar, porque danlle moito máis carga horaria á Unidade Formativa que, por exemplo, se destina a organizar e clasificar materiais que á de explicar o procedemento de montaxe, fluxo de traballo, técnicas, posproducción e demais. Se realmente se pediu colaboración docente para facer o reaxuste horario, por que despois desde a Consellaría se fixo isto de forma interna sen ter ningún coñecemento do currículo de cada módulo? Agardemos, de verdade, que recapaciten sobre todo o despropósito que vai ser a reforma da FP tal e como está concibida para o vindeiro curso 25/26 e que consensúen co profesorado e coa representación sindical o novo Decreto se non queren cargarse estas ensinanzas.

Horario do ámbito de Comunicación e Sociedade de 1º de FP básica

Estes días chegaronnos queixas por parte do profesorado de Lingua galega e de Lingua española de que está habendo disparidade horaria entre centros ao respecto do horario deste ámbito. Nalgún caso, na mesma cidade, en cada un dos CIFPs existentes optouse por unha carga horaria diferente. O que non é de recibo, e atenta contra o compromiso adquirido pola DX de FP nesta Mesa Sectorial de que só se reducía unha hora á semana a cada ámbito, é que se pretenda impartir en só 3 horas semanais as unidades formativas de Lingua galega e castelá e Sociedade.

Se realmente lle interesa a calidade do ensino e a adquisición das competencias básicas que permitan titular na ESO, a Consellaría debería dar instrucións claras de que non se pode baixar das 4 horas semanais neste ámbito. De reforzar o galego xa non falamos porque está visto que aquel pacto pola lingua que ofreceu o conselleiro de Cultura vese claramente nos feitos día a día.

En calquera caso, cumpran o acordado de non rebaixarlle máis de unha hora semanal a este ámbito.

Ante a incomparecencia do presidente da Mesa que é á vez director xeral de centros e recursos humanos, a CIG-Ensino só deu traslado de temas relacionados coa dirección xeral de FP, quedando os seguintes temas, de especial relevancia sen poder tratarse pola súa ausencia.

Elección de horarios

Ano tras ano nos centros educativos galegos temos a polémica sobre en que momento hai que elixir os horarios, se en xullo ou en setembro, para a CIG-Ensino a norma é clara e a elección de horarios ten que ser en setembro cando todo o profesorado do centro xa está no mesmo, pero este ano as instrucións da Consellaría fan que a dúbida poida existir, xa que recolle o seguinte: “*A partir do 2 de setembro de 2024, os centros docentes realizarán as actuacións referidas á elección de horarios que se establecen na lexislación vixente e, se non houber ningunha xustificación motivada que o impida conforme a normativa de aplicación, confirmarán a distribución provisional -feita en xullo- de materias, ámbitos, cursos, módulos e, se é o caso, quendas entre o persoal que forma parte dos departamentos.*”

Desde a CIG-Ensino esiximos da Consellaría que de querer que a elección de horarios se faga en xullo modifique a normativa, pero defendemos que esta elección ten que facerse en setembro cando todo o profesorado está nomeado.

Notificacións ás equipas directivas en agosto

Neste verán tivemos coñecemento por parte de direccións dos centros que durante o mes de agosto recibiron notificacións electrónicas que polos prazos que dan, dez días, teñen que abrilas si ou si nese mes senón pérdese a notificación. Solicitamos que o prazo de calquera notificación que se produza no mes de vacacións colla días de setembro.

Ante a incomparencia do presidente da Mesa que é á vez director xeral de centros e recursos humanos, a CIG-Ensino só deu traslado de temas relacionados coa dirección xeral de FP.

Vacantes asesorías e CAFI na Consellaría.

Xa nas reunións das comisións de asesorías da Consellaría e dos CAFI dos últimos anos desde a CIG-Ensino solicitamos que se fixeran listas de agarda coas persoas que se presentan aos postos citados, non pode ser que todos os comezos de curso teñamos constancia de chamamentos indiscriminados para cubrir estas vacantes a xente que non mostrou interese para as prazas.

Vacantes comezo de Curso

A Consellaría ten que ser máis coidadosa coa adxudicación de destinos provisionais, todos os anos hai vacantes mal cubertas, ou incluso non cubertas, que fan que as persoas que podían traballar cerca dos seu domicilio son desprazadas para despois observar como outras persoas con menor puntuación son nomeados nesas prazas. Hai diversos exemplos, pero poderíamos citar, novos inspectores que non ven cuberta a súa praza de secundaria ou o nomeamento de dúas orientadoras nun centro educativo, co cal unha delas tería que volver ás listas de substitucións.

Desde a CIG-Ensino xa advertimos de que ía haber confusión coas **vacantes con afín para o módulo de Inglés Profesional** polo que non é de recibo é que as inspeccións non revisaran as peticións de vacantes no CADP dos centros. A atribución docente do módulo de Inglés Profesional correspóndelle ao profesorado de Secundaria de Inglés e así consta nos RD que modifican os títulos dos ciclos de grao medio e superior. Ao igual que en Secundaria se diferencia perfectamente entre pedir unha vacante de Bioloxía e Xeoloxía bilingüe dunha vacante de Bioloxía e Xeoloxía con afín

inglés, na Formación Profesional é o mesmo. As vacantes de profesorado de FP con horario deste módulo teñen que saír con afín Inglés, non bilingües. Isto tivo incidencias moi relevantes nas adxudicacións. Por exemplo, nos centros de Medio Rural non hai ciclos plurilingües, polo que o profesorado que quere optar a eses centros -que ademais maioritariamente é funcionariado de carreira-, non puxo na petición praza bilingüe e houbo centros que a pediron deste xeito, co conseguinte prexuízo de quedar sen unha interinidade. Acontece o mesmo agora nas vacantes para substitucións que piden algúns centros, que especifican, por exemplo, o código da afín FOL pero non o de Inglés. Desde a DX de FP e a DX de RRHH ten que haber unha coordinación para que os equipos directivos e as inspeccións coñezan a nova normativa de FP e a apliquen correctamente.

Cada ano hai queixas sobre a opacidade coa que se cobren prazas “por comisión” a través de funcionariado de carreira con destino definitivo noutros centros nos ciclos de **FP básica de Cociña e Restauración** nos centros de Sanxenxo, Ribeira e Muxía. Cómpre que se regularice dunha vez esta situación porque desvirtúa a orde de elección de adxudicacións, con importantes danos colaterais, e supón un procedemento irregular de cobertura de vacantes á marxe do único sistema oficial que é o Concurso de adxudicación de destinos provisionais.

Como se vai solucionar o problema do **CFEA de Becerreá**.

O centro pediu tres profesores e a administración só cobre dúas prazas, este ano a maiores o director -funcionario de medio rural- dimitiu, entre outras razóns, porque era o único director de medio rural con carga docente, 11 horas.

A día de hoxe hai 16 horas sen cubrir, desde Medio Rural comunicánlle ao centro que vai haber unha reunión entre as dúas Consellarías e que Medio Rural vai facer todo o posíbel para que manden outro docente, vai ser isto así?.